



SUPERHEROES DOUTROS PAÍSES DO MUNDO

Chámome **Olisa**, teño 7 anos e vivo nun país que se chama Congo. En casa non temos unha billa de auga, así que cada mañá teño que ir camiñando ata o pozo e recoller a auga que necesitamos para lavar, cociñar e limpar. Despois voume correndo á escola é o mellor momento do día! Encántame poder aprender e divertirme cos meus amigos!

Chámome **Ernesto**, teño 8 anos e vivo nun país que se chama Ecuador. Cada mañá teño que camiñar moito tempo ata chegar á miña escola e ao volver a casa axudo ao meu papá no traballo da horta. Aínda que, ao final do día estou moi canso, sempre remato os meus deberes a tempo. Teño moita sorte de poder estudar!